

PRÓLOGO

CORO

Na fermosa Verona, lugar da escena,
dúas familias de igual dignidade,
renovan pelexas por xenreiras vellas
e tinxen con sangue civil a cidade.
Nacen dous amantes desventurados
das entrañas dos inimigos feroces
e o seu final triste e desgraciado
soterra a loita dos seus proxenitores.
O que a ese tráxico amor lle acontece
será agora o noso argumento.
Se vós o escoitades con benevolencia,
o noso afán verá de suplir as carencias.

ACTO I

ESCENA PRIMEIRA

Entran Pedro e Gregorio, da casa dos Capuletos, armados.

PEDRO.- Gregorio, xuro que non paso unha máis...

GREGORIO.- Non, agora a contenda é entre os nosos amos e tamén entre nós, os criados...

PEDRO.- Digo que se nos cabrean, tiramos de ferro... E mira que eu pego rápido.

GREGORIO.- Pois non é doado empurrarte a pegar... Vaia! Saca a ferramenta, logo, que aí veñen dous da casa dos Montescos.

Entran Abrahán e Baltasar, criados dos Montesco.

PEDRO.- Aquí está a miña arma. Ataca, que eu che gardo as costas.

GREGORIO.- ¡Vaia, si, dásme as costas e logo foxes!

PEDRO.- Non temas por min.

GREGORIO.- ¡Non, rediola! ¡Témote a ti!

PEDRO.- Teñamos a lei da nosa parte. Que empecen eles.

GREGORIO.- Enrugarei o entrecello ao pasar, e que o tomen como queiran.

PEDRO.- Eu burlareime deles mordendo o dedo, a ver se o aturan.

ABRAHÁN.- ¿Mordedes o dedo por nós, señor?

PEDRO.- Mordo o dedo, señor.

BALTASAR.- ¿Burládesvos de nós mordendo o dedo, señor?

PEDRO.- (*Á parte a Gregorio.*) ¿Temos a lei da nosa parte se lle digo que si?

GREGORIO.- Non.

PEDRO.- Non, señor. Non me burlo de vós, señor, pero mordo o dedo.

GREGORIO.- ¿Queredes liorta?

ABRAHÁN.- ¿Liorta? Non, señor.

PEDRO.- Se a queredes, aquí me tedes. Sirvo a un amo tan bo coma o voso.

BALTASAR.- Pero non mellor.

PEDRO.- Vale.

Entra Tebaldo, quedando ao marxe e incitando..

GREGORIO.- (*Á parte a Pedro.*) Di que mellor, que por ai vén un parente do amo.

PEDRO.- ¡Si!, digo non!, non vale: ¡o noso amo é mellor!

ABRAHÁN.- ¡Mentira!

PEDRO.- Loitade se sodes homes. Gregorio, lembra a túa forza.

Dispóñense para a loita. Pero entra Benvolio.

BENVOLIO.- ¡Alto, idiotas! Sodes uns insensatos.

Benvolio intenta separalos. Tebaldo se aproxima.

TEBALDO.- ¿Desenvaiñas contra eses pobres? Vólvetes, Benvolio, e afronta a túa morte.

BENVOLIO.- Trato de poñer paz, Tebaldo. Envaiña esa espada ou axúdame con ela a separar a estes.

TEBALDO.- ¿Coa espada na man falas de paz? Odio esa palabra como odio o inferno, a todos os Montescos e a ti.

Loitan. Tebaldo fire a Benvolio. Escóitase ós criados que berran e baten o chan ameazantes: ¡Morte aos Capuleto! ¡Morte tamén aos Montesco!

Entran Capuleto e a señora Capuleto.

CAPULETO.- ¿Que barullo é este? ¡A miña espada de combate!

SEÑORA CAPULETO.- ¿Para que queres a espada? ¡Unha muleta é o que precisas!

Entran Montesco e a señora Montesco.

CAPULETO.- Velaí vén o vello Montesco provocándome.

MONTESCO.- ¡Maldito Capuleto! -¡Sóltame! ¡Déixame muller!

SEÑORA MONTESCO.- Ti non dás un paso máis cara ao inimigo.

Os Criados, de novo, berran e baten o chan ameazantes: ¡Morte aos Capuleto! ¡Morte tamén aos Montesco! Entra o Príncipe Escala con dous gardas.

PRÍNCIPE.- ¡Súbditos rebeldes, inimigos da paz cidadán!

--¿¡Non atenden!!-- Vosoutros, homes,

bestas, que apagades o lume do voso pernicioso odio con torrentes purpúreos que brotan das veas.

Baixo pena de morte soltade eses mal temperados aceiros
e oíde a sentenza do voso irritado príncipe.
Estas liortas cidadás
nacidadas de palabras vans proferidas por ti, Capuleto,
e por ti, Montesco,
turban a quietude dos nosos cidadáns
e fan que empuñen vellas armas
enferruxadas pola paz
para atallar o cancro da vosa xenreira.
Se volvedes alterar as rúas,
coa vida pagaredes o quebrantamento da paz.
Por esta vez, dispersádevos todos.
Vós, Capuleto, acompañádeme.
E vós, Montesco, ide esta tarde onde imparto xustiza,
para coñecer a miña resolución sobre o caso.
Repito: baixo pena de morte, ¡dispersádevos!

*Saen todos, agás Montesco, a señora Montesco.
Benvolio, Abrahan e Baltasar.*

ESCENA SEGUNDA

MONTESCO.- ¿Quen reavivou esta antiga discordia? Fala, sobriño,
¿estabas aquí cando comezou?

SEÑORA MONTESCO.- ¡Que máis ten! ¿Onde está Romeo? ¿Víchelo
hoxe, Baltasar? Alégrome de que non estivese nesta liorta.

BALTASAR.- Unha hora antes de que o venerado sol asomase, vin o
vos fillo paseando. Fun cara a el, pero medindo o seu ánimo polo meu,
evitei a quen por gusto de min fuxía, señora.

SEÑORA MONTESCO.- Téñeno visto alí moitas mañás aumentando
con bágoas o fresco orballo do abrente, agrandando as nubes con
suspiros.

MONTESCO.- Xa, e logo, fuxe da luz e métese no seu cuarto... Esta
melancolía será fatal...

BENVOLIO.- Meu nobre tío, ¿sabedes a causa?

MONTESCO.- Nin a sei nin ma di.... Conselleiro do seu propio corazón,
está ensimesmado, esquivo, inescrutable... non sei... De saber a orixe do
seu pesar, gustosos poríámoslle remedio.

Entra Romeo.

BENVOLIO.- Velaí vén. Prégovos que vos retiredes.

MONTESCO.- Oxalá que con el teñas a sorte
de oír a súa confesión. Imos, señora. *(Saen Montesco e a señora Montesco.)*

BENVOLIO.- Bo día, primo.

BALTASAR.- Bo día, Señor.

ABRAHAN.- Bo día, Señor Romeo.

ROMEO.- ¿Tan cedo é?

BALTASAR.- Xa deron as nove.

ROMEO.- ¡Ah! Longas se fan as horas tristes.
¿Era meu pai ese que marchaba con tanta prása?

BENVOLIO.- Era. ¿E que tristura alonga as horas de Romeo?

ROMEO.- Non ter o que, cando se ten, as acurta.

ABRAHAN.- ¿Namorado?

ROMEO.- Privado.

BALTASAR.- ¿De amor?

ROMEO.- Do favor da miña amada.

BENVOLIO.- ¡Ah, vaia! ¡Que o amor, en aparencia tan xentil, sexa tan tirano e cruel na realidade!

ROMEO.- ¿Que liorta houbo aquí? Non mo digades, que xa o sei todo...
Cousa do odio, pero aínda máis do amor. ¡Oh, amor belicoso! ¡Ah, odio amoroso!... (A Benvolio) ¿ris?

BENVOLIO.- Non, primo, máis ben choro... por esa aflición do teu nobre corazón.

ROMEO.- Ese é o pecado do amor.
O meu propio pesar oprímeme o peito
e agora ti acrecéntalo co teu. Adeus, primo.

BALTASAR.- Agarda, que imos contigo.

ROMEO.- ¡Non, non! Estou desaparecido, non estou aquí...
Non son Romeo, el está noutro sitio.

BENVOLIO.- Fala en serio e dime a quen amas.

ROMEO.- ¿Pídeslle a un enfermo que faga testamento? Un rogo inoportuno... En serio, primo, amo a unha muller.

ABRAHAN.- Aí apuntaba eu cando o supuxen namorado.

ROMEO.- ¡Boa puntería! E a que amo é fermosa.

BALTASAR.- Se a diana é fermosa, Señor, antes se acerta.

ROMEO.- Aí erras o tiro. As frechas de Cupido non a alcanzan.
Non se expón... Rica é en fermosura e a súa pobreza é
que esa riqueza ha morrer con ela.

BENVOLIO.- ¿Fixo voto de perpetua castidade?... Faime caso e non penses máis nela.

ROMEO.- Dime cómo deixo de pensar.

BENVOLIO.- Deixa en liberdade os teus ollos para que ollen outras belezas.

ROMEO.- Máis exquisita me parecerá a súa na comparanza.
Quen queda cego non esquece o tesouro da visión perdida.
Adeus.

BENVOLIO.- Has aprender a esquecer, ou morro no intento.

Saen.

ESCENA TERCEIRA.

Entran Capuleto e Paris.

CAPULETO.- Montesco queda tan obrigado coma min,
baixo a mesma pena.
Vellos como somos, non creo que sexa difícil manter a paz.

PARIS.- Ambos gozades de gran reputación
e é mágoa que levedes tanto tempo enfrontados...
E ben, señor, ¿que me dices da miña proposta?

CAPULETO.- Repito o dito antes: a miña filla
nada sabe do mundo. Deixade que madure para casar.

Saen a Señora Capuleto e o criado Gregorio. Falan e logo sairá a señora.

PARIS.- Outras máis novas xa son nais felices.

CAPULETO.- Esas axiña se murchan... Cortexádea, Paris, namorádea.
A miña vontade sométese á súa. O que ela acorde e escolla
ten o meu consentimento e beizón.

Hoxe celebros unha antiga festa... *(Sinal a Gregorio para que espere.)*
Sumádevos e seredes benvido. Vinde a miña humilde casa
e mirade e oíde ás mozas en flor, e escollede a de máis mérito.
Entre tantas quizais a miña sobresaia, aínda que só sexa unha máis.
Vide comigo. *(Ao criado, Gregorio.)* Ti, Gregorio, percorre Verona
na busca das persoas aquí escritas e dilles
que a miña casa e hospitalidade son súas.

Saen Capuleto e Paris.

GREGORIO.- ¡Que busque as persoas aquí escritas! Escrito está que o
zapateiro ás súas tesoiras, o xastre aos seus zapatos, o pescador aos seus
pinceis e o pintor ás súas redes... Non, non é así... O caso é que a min
mándame buscar as persoas aquí escritas cando non sei ler.
Preguntareille a alguén instruído. ¡En boa hora!

Entran Benvolio e Romeo.

BENVOLIO.- Un lume apaga outro lume,
unha pena afoga outra.
Se te mareas, xira no outro sentido...

ROMEO.- ¡Cala, anda cala!... *(Diríxese a Gregorio.)* ¡Boas tardes, amigo!

GREGORIO.- Santas e boas. ¿Sabedes ler, señor?

ROMEO.- Sei, no meu futuro leo a adversidade.

GREGORIO.- Quizais para iso non precisades dun libro. ¿Sabedes ler o
que está escrito?

ROMEO.- Si, *(Groseiro.)* se entendo as letras e o idioma.

GREGORIO.- Moi certo. Que o pasedes ben.

ROMEO.- Agarda, home. Sei ler. *(Le o papel.)*

"O *signor* Martino, esposa e filla.
A señora viúva do *signor* Vitrubio.
O *signor* Placencio e as súas belas sobriñas.
Mercucio e seu irmán Valentino.
Meu tío Capuleto, esposa e filias.

As miñas belas sobriñas Rosalina e Livia...

(A *Benvolio*.) ¡Rosalina!

O *signor* Valencio e o seu primo Tebaldo.
Lucio e a xentil Elena".

Unha boa compañía. ¿A onde van? ¿A unha cea?

GREGORIO.- Si, arriba, na casa.

ROMEO.- ¿Na casa de quen?

GREGORIO.- Do meu amo.

ROMEO.- Por aí tiña que comezar a preguntar.

GREGORIO.- Diréivolo sen que mo preguntedes. O meu amo é o riquísimo Capuleto e se non sodes da casa dos Montescos, prégovos que veñades tomar unha copa de viño. Que o pasedes ben.

Sae.

BENVOLIO.- Nesta festa dos Capuleto
estarán todas as belezas de Verona.
Vai alí con ollos imparciais e compara,
convenceraste de que o teu cisne é un corvo.

ROMEO.- Se os meus ollos incorren en tal apostasía,
ardan por falsos como herexes. ¡Outra máis fermosa!

BENVOLIO.- Pareceche fermosa porque non ves outras:
nos teus ollos con ela mesma se compara.

ROMEO.- Irei; mais non para admirar o que prometes,
senón o esplendor da miña amada.

Saen.

ESCENA CUARTA.

Entran a señora Capuleto e a Ama.

SEÑORA CAPULETO.- Ama, ¿onde está a miña filla? Dille que veña.

AMA.- Xuro pola miña virxindade aos doce anos que xa a mandei vir.
¡Ei, princesa! Por Deus, ¿onde anda esa nena? ¡Ei, Xulieta!

Entra Xulieta.

XULIETA.- Ola, ¿quen chama?

AMA.- Túa nai.

XULIETA.- Aquí estou, señora. ¿Que queredes?

SEÑORA CAPULETO.- Trátase de... Vaite ama, temos que falar en privado... Volve, ama. Será mellor que escoites a conversa. Sabes que a miña filla xa é unha moza.

AMA.- Sei con exactitude a súa idade.
Lémbrome cando a destetei. Puxérame licor no bico do peito...
¡cómo se enfurruñou e rexeitou a teta!
¡Cristo bendito!, daquela xa corría e brincaba.
O día anterior levara un golpe na fronte
e o meu home, que en gloria estea, ¡sempre tan ledos!
ergue a nena e dille: "Vaia, ¿caíches de fociños?"

Xa caerás de costas cando teñas máis siso, ¿non si, Xuli?"
Pola Virxe que a picariña deixa de chorar e di que si...

SEÑORA CAPULETO.- Basta xa. Cala, por favor.

AMA.- Si, señora. Pero non podo conter a risa cando penso que deixou de chorar e dixo que si.... "¿caíches de fociños? Cando teñas a idade has caer de costas, ¿non si, Xuli?" e ela cala e di que si.

XULIETA.- ¡Cala, ama, por favor!

AMA.- Morra o conto. Deus te bendiga. Fuches a nena máis fermosa que criei e só desexo vivir para verte casada.

SEÑORA CAPULETO.- Pois de casamento viña eu falar. Dime, Xulieta, miña filla, ¿pensaches no matrimonio?

XULIETA.- É un honor co que nunca soñei.

AMA.- ¡Un honor! Se non fose a túa ama diría que mamaches a sabedoría na teta.

SEÑORA CAPULETO.- Pois vai pensando no matrimonio. Outras máis novas, aquí en Verona, damas de rango, xa son nais. Segundo as miñas contas, aos teus anos eu era nai... Resumindo: o garrido Paris solicita a túa man.

AMA.- ¡Que home, mociña! Señora, un home ao que todas... ¡que digo! ¡ideal!

SEÑORA CAPULETO.- ¿Que dis? Vas velo esta noite na nosa festa. Le no libro do rostro de Paris, observa a harmonía das súas faccións e se nese libro algo queda escuro, le o escrito na marxe dos seus ollos... Téndoo a el compartirás todo o que ten, sen perderes nada.

AMA.- Perder, non; gañar. Os homes engordan as mulleres.

SEÑORA CAPULETO.- Nunha palabra: ¿agrádache o amor de Paris?

XULIETA.- Mirarei de amalo, se mirar leva a amar. // Pero os dardos dos meus ollos // non voarán máis alá do que vós consintades.

Entra un criado (Pedro).

PEDRO.- Señora, os convidados xa chegaron; a cea está servida, preguntan pola señora e na cociña botan pestes da ama e todo anda revolto. Prégovos que veñades de contado.

SEÑORA CAPULETO.- Agora mesmo imos. *(Sae Pedro.)*
Xulieta, o Conde agarda.

AMA.- Ale, miña nena. Os días felices veñen das noites felices.

Saen.

ESCENA QUINTA.

Entran Romeo, Baltasar (o seu criado), Mercucio e Benvolio con máscaras.

ABRAHÁN.- ¿Entramos sen máis cerimonia?

BENVOLIO.- Que nos tomen polo que queiran.
Nós botamos un baile e liscamos.

ROMEO.- Mirade que non estou para bailes.

MERCUCIO.- Non, xentil Romeo. Queremos que bailes.

ROMEO.- Non, en serio. Vós levades calzado de baile, de sola livián. Eu teño unha alma de chumbo que me ata ao chan e non me deixa mover.

MERCUCIO.- Estás namorado. Pídelle as ás a Cupido e voa ben alto con elas.

ROMEO.- Malferido estou pola súa frecha para voar coas súas plumas, e non podoo...

MERCUCIO.- Se o amor te martiriza, martirízao. Se se crava, crávaeo e vénceo.

Veña, dádmeme unha máscara para tapar a cara.

ABRAHÁN.- Unha careta para outra careta, señor.

BENVOLIO.- Chamade e entremos. E despois, a mover as pernas.

ROMEO.- Eu sigo o vello dito: mirarei sen xogar e no mellor da partida, fago mutis.

MERCUCIO.- ¡Silencio! Sacarémoste dese lameiro, con perdón, do amor onde estás afundido ata as orellas.

ABRAHÁN.- Veña, que con esta dilación malgastamos o día.

ROMEO.- A intención de acudir ao baile é boa, mais non ten sentido.

TODOS.- ¿Por que?

ROMEO.- Onte á noite tiveron un soño.

MERCUCIO.- Eu tamén.

ABRAHÁN.- ¿Que soñaches?

MERCUCIO.- Que os soños son mentira.

ROMEO.- Moitas veces, durmidos, soñamos a verdade.

MERCUCIO.- Vexo que te visitou a raíña Mab.

É a parteira das fadas e, pequena como pedra de ágata no anel dun concelleiro, pasea arrastrada por unha corte de seres diminutos sobre o nariz dos dormentes.

A súa carroza é unha casca baleira de abelá, os raios das rodas son patas de arañas, ás de saltóns a capota, // de fina arañeira as rendas e de húmido luar os aparellos; o látego, un óso de grilo; // a tralla, un fío sutil; o cocheiro, un mosquito con librea gris, a metade dun verme que medra // no dedo nugalán dunha rapaza. Deste xeito percorre noite tras noite os cerebros dos namorados, e soñan co amor; os xeonllos dos cortesáns, e soñan con reverencias...

ROMEO.- Cala, Mercucio, basta xa. Falas e non dis nada.

MERCUCIO.- Certo: falo de soños,
que son fillos de mentes ociosas e nacen de fantasías vans,
máis variables que o vento...

BENVOLIO.- Ese vento desvíanos do noso rumbo. ¡...Chegaremos tarde!

ROMEO.- Temo que moi cedo, pois presinto
algunha desgracia, oculta aínda nas estrelas...
Adiante, ledos cabaleiros.

Que quen governa o meu rumbo guíe a miña nave.

ABRAHÁN.- ¡Redobre de tambor!

Avanzan polo escenario.

ESCENA SEXTA.

Entra Pedro para "preparar" a festa.

PEDRO.- ¿Onde está Gregorio, que non axuda a recoller a mesa? ¡Non recolle nin frega un prato!... Cando as boas maneiras están só nas mans de un ou dous e aínda así non se lavan, a cousa dá noxo... Sacar os bancos e limpar a prata... E vou quedar sen comer o que me gusta...

(Entra Gregorio.)

GREGORIO.- ¡Pedro!

PEDRO.- Aquí estou, home.

GREGORIO.- Búscante, chámante, reclámante e necesítante na cociña.

PEDRO.- Non se pode estar a un tempo aquí e acolá. ¡Veña, ánimo e a gozar mentres dure!

Saen.

*Entran Capuleto, a señora Capuleto, Xulieta, Tebaldo e a Ama,
Paris e demais convidados, con máscaras.*

CAPULETO.- ¡Benvidos, señores! As damas
sen xoanetes bailarán con vós.

¡Veña, miñas donas! ¿Quen
se nega a bailar?...

¡Benvidos, señores! Hai tempo
eu tamén levaba anteface e dicía
galanterías no oído dunha dama fermosa,
desas que tanto lles gustan. É cousa pasada.

Benvidos, señores. ¡Músicos, a tocar!

¡Sitio, facede sitio! ¡Señoritas, a bailar!

¡Máis luz, rapaces!

(Repara en Romeo, Abrahán, Benvolio e Mercucio) ¡Que ben que viñeron
estas máscaras inesperadas!

Senta, miña querida señora,

que nós xa non estamos para bailes.

¿Canto tempo hai da nosa última mascarada?

Empeza o baile.

ROMEO.- *(A Benvolio.)* ¿Quen é esa dama que adorna

a man daquel cabaleiro?

BENVOLIO.- Non o sei, pero o cabaleiro é o conde Paris, creo.

ROMEO.- Fermosura demasiado valiosa para este mundo.

¿Amei algunha vez? Ollos, negádeo.

Rematado o baile verei onde pousa,
para que o contacto da súa man bendiga a miña.

TEBALDO.- Ese é un Montesco. ¿Como ousa ese infame
vir aquí a burlarse e aldraxar a nosa celebración?

Pola miña honra e liñaxe que matalo aquí non é pecado.

CAPULETO.- ¿Que ocorre, sobriño? ¿Por que te alporizas?

TEBALDO.- Tío, ese é un Montesco, un inimigo noso.

Un canalla que con maldade vén facer escarnio da nosa festa.

CAPULETO.- ¿Non é Romeo?

TEBALDO.- O mesmo.

CAPULETO.- Acouga, querido sobriño. Déixao en paz.

Compórtase como cumprido cabaleiro e, a dicir verdade,
Verona gaba a súa xentileza e discreción.

Nin por todo o ouro desta cidade
lle faría unha afronta na miña casa.

Calma, pois, e déixao estar;
móstrate amable e desengurra o entrecello,
que non é axeitado na miña festa.

TEBALDO.- É axeitado se o convidado é un canalla.

CAPULETO.- ¿Quen manda aquí, ti ou eu?

¿Vas provocar un altercado na miña festa?

TEBALDO.- Pero, tío, ¡é unha vergoña!

CAPULETO.- Basta xa. Es un insolente.

¿Unha vergoña, eh? Falo en serio.

¡Levarme a min a contraria! Xa é hora de que...

-¡Moi ben, amigos meus!

Es un desvergoñado. Cala ou...

-¡Máis luz, máis luz!

¡Eu farei que te calmes, ho!

-¡Alegría, amigos!

TEBALDO.- Esta calma imposta con violenta cólera
fai-me tremer o corpo ata as entrañas.

Retírome. Mais esta intrusión, agora doce,
ha converterse en amargo fel.

Sae.

ROMEO.- (*A Xulieta.*) Se este santo relicario profano
coa miña man indigna, e así peco,
cos meus beizos, ruborizados,
tal rudeza expiarei cun bico tenro.

XULIETA.- Bo peregrino, menosprezades a vosa man,
que só mostra devoción e respecto verdadeiro.
Os peregrinos tocan dos santos as mans,
pois xuntar palma con palma é bico de romeiro

ROMEO.- ¿ Non teñen beizos os romeiros e os santos?

XULIETA.- Teñen, peregrino, mais son para rezar.

ROMEO.- Entón, miña Santa, aos teu labios chamo:
que fagan o que as mans e deixen de penar.

XULIETA.- Cando ás pregarias acceden, non se moven os santos.

ROMEO.- Entón non te movas, eu recollerei o que concedan.
Así os teus beizos limpan dos meus o pecado. (*Béixaa.*)

XULIETA.- Agora nos meus ese pecado queda.

ROMEO.- Suave reproche. ¿O meu pecado?
Devólvemo. (*Béixaa.*)

Interrompe a AMA.

AMA.- Xulieta, túa nai quere falar contigo. (*Xulieta vai onde a súa nai.*)

ROMEO.- ¿Quen é a súa nai?

AMA.- ¡Recoiro, rapaz! A súa nai é a señora da casa...

ROMEO.- ¿É unha Capuleto? ¡Que alto prezo!
A miña vida en débeda co inimigo.

BENVOLIO.- Veña, vamos, que a festa se acaba.

A festa "termina", a xente empeza a despedirse e marchar.

ROMEO.- Iso me temo, e maior é a miña inquietude.

CAPULETO.- Pero, señores, ¿xa pensan marchar?
(*Fálanlle e se despiden.*) ¿Ah, si? Ben, grazas a todos.
Grazas, honorables señores; boas noites.
Veña, a deitarse.
Abofé que se fai tarde.
Eu vou durmir.

Saen todos, agás Xulieta e a Ama.

XULIETA.- Ven, ama. ¿Quen era aquel cabaleiro, o que non bailaba,...con
quen eu falaba?

AMA.- Non cho sei.

Pedro, que as escoita, intervén, e sae.

PEDRO.- Chámase Romeo e é un Montesco,
o fillo único do teu grande inimigo.

XULIETA.- ¡Amor nacido do odio!
Malfadado nacemento de amor,
se teño que amar ao aborrecido adversario.

AMA.- ¿Que? ¿Que dis?

XULIETA.- Uns versos que aprendín

dun con quen bailaba.

Chaman a Xulieta dende dentro.

AMA.- Veña, veña, que xa se foron os convidados.

Saen.

ACTO II

ESCENA PRIMEIRA.

Entra Romeo.

ROMEO.- ¿Vou marchar, cando o meu corazón está aquí?

Entran Baltasar, Benvolio e Mercucio.

Romeo afástase.

BENVOLIO.- ¡Romeo! ¡Primo Romeo! ¡Romeo!

ABRAHÁN.- É moi sensato. Aposto a que se foi deitar.

MERCUCIO.- ¡Romeo! ¡Toliño! ¡Paixón!

Aparécete en forma de suspiro,

di só un verso e doume por satisfeito.

Non oe, non rebole: Romeo, conxúrote

polos escintilantes ollos de Rosalina,

a súa alta fronte e beizos vermellos, o seu fino pé,

perna lanzal, trémulas cadeiras e territorio adxacente,

para que ante nós te presentes coa túa aparencia.

ABRAHÁN.- Se escoita, vaise enfadar. Vamos, debeuse ocultar...

BENVOLIO.- Cego é o seu amor e cadra ben coa escuridade.

MERCUCIO.- Se o amor é cego, non dá na diana.

Agora estará sentado baixo unha figueira desexando que a súa amada

sexa o froito que as mozas, a soas e entre risas, chaman figo. ¡Ai!, Romeo,

oxalá ela fose un figo aberto e ti un nabo!...

ABRAHÁN.- ¿Que? ¿Vamos?

BENVOLIO.- Vamos, que é inútil buscar a quen non quere aparecer.

MERCUCIO.- ¡Boas noites, Romeo!

Saen.

ESCENA SEGUNDA.

Adiántase Romeo.

ROMEO.- Búrlase das cicatrices quen nunca recibiu feridas.

(Na casa, unha luz acende.) Silencio. ¿Que luz alumea nesa fiestra?

É o nacente, e Xulieta o sol.

Xurde, sol radiante, e mata a envexosa lúa!

Aparece Xulieta, arriba. Romeo se esconde.

¡É o meu amor! ¡Oxalá o soubese ela!

Falan os seus ollos... Dúas das estrelas máis fermosas do ceo...

¡Agora apoia a meixela na man!

¡Oxalá fose eu a luva desa man

para poder tocar a súa meixela!

XULIETA.- ¡Ai de min!

ROMEO.- *(A parte.)* Falou. Volve falar, anxo radiante,

porque aí no alto es a gloria desta noite...

XULIETA.- Oh, Romeo, Romeo. ¿Por que es Romeo?
Nega a teu pai e rexeita o teu nome...

ROMEO.- (*A parte.*) ¿Sigo escoitando ou debo falar?

XULIETA.- Só o teu amor é o meu inimigo.
Ti es ti, aínda que sexas un Montesco.
¿Que é un Montesco? ¿Que é un nome?
O que chamamos rosa,
con outro nome tería o mesmo recendo.
Romeo, rexeita ese nome
que non forma parte de ti
e a cambio tómame a min.

ROMEO.- (*Romeo móstrase.*) Cólloste pola palabra.
Chámame "amor" e quedarei bautizado.

XULIETA.- ¿Quen es ti que, oculto na noite,
invades os meus segredos?

ROMEO.- O meu nome, adorada santa, resúltame odioso
porque é o teu inimigo.

XULIETA.- Non escoitaron os meus oídos cen palabras
da túa boca e xa coñezo o son.
¿Como é que estás aquí e por que?
Este é un lugar de morte, por seres quen es,
se algún parente meu te atopa.

ROMEO.- Non me asustan os teus parentes.
Máis perigo hai nos teus ollos
que en vinte espadas. Mírame con dozura
e estarei a salvo.

XULIETA.- Por nada do mundo quixera que te visen.

ROMEO.- O manto da noite protéxeme dos seus ollos...

XULIETA.- ¿Quen te guiou ata este lugar?

ROMEO.- O amor, que me fixo indagar,
aconselloume e deume ollos.

XULIETA.- O veo da noite oculta o meu rostro.
Se non, un rubor virxinal tinxiría as miñas meixelas
por mor do que esta noite me oíches dicir.
Quixera gardar as formas; quixera
negar o dito... ¡Fóra finximentos! ¿Ámasme?
Sei que dirás que si e eu creceite.
Aínda que... pode ser con falsidade. Din que Xúpiter
se ri dos xuramentos dos amantes.
Xentil Romeo, se me amas, dimo de verdade.
Se pensas que son presa fácil,
serei arisca e cruel e direi que non;
entón terás que galantearme, ou nada de nada.

ROMEO.- Xuro pola sagrada lúa...

XULIETA.- Non xures pola inconstante lúa
que cambia cada mes a súa órbita;
non sexa que o teu amor resulte tan variable.

ROMEO.- ¿Por quen hei de xurar?

XULIETA.- Non xures. Ou, se queres,
xura por ti mesmo,
que es o deus que idolatro
e creceite.

ROMEO.- Se o amor do meu peito...

XULIETA.- Non xures. Aínda que sexas a miña ledicia...
non me alegra o acordo desta noite:
é demasiado brusco, imprudente, súbito,
semellante ao lóstrego que desaparece
sen dar tempo a dicir que relampa. Boas noites, amor.
Que a paz e o repouso do meu peito enchan o teu corazón.

ROMEO.- ¿Vas deixarme tan insatisfeito?

XULIETA.- ¿Que satisfacción pretendes esta noite?

ROMEO.- Non sei,... a lo menos comprometamos o noso amor.

XULIETA.- Deiche o meu sen que mo pedises
e oxalá puidese darse outra vez.

ROMEO.- ¿Queres quitarmo? ¿Por que, amor meu?

XULIETA.- Para ser xenerosa e volvercho dar... (A Ama chama dentro.)
Sinto voces dentro. Adeus, amor meu.
¡Xa vou, ama! Se fiel ao meu amor, xentil Montesco.
Agarda un intre, volvo axiña.

Sae Xulieta.

ROMEO.- Ah, bendita, bendita noite. Temo
por ser noite que todo sexa un soño,
demasiado fermoso para ser verdade.

Entra Xulieta arriba.

XULIETA.- Dúas palabras, meu Romeo, e boas noites.
Se o teu amor é honesto
e a túa finalidade o matrimonio,
dime cando e onde
e porei aos teus pés a miña vida enteira
e seguireite, meu amor, por todo o mundo.

AMA.- (*Dentro.*) ¡Xulieta!

XULIETA.- ¡Xa vou! -Mais se a túa intención non é boa, prégoche...

AMA.- (*Dentro.*) ¡Xulieta!

XULIETA.- ¡Agora mesmo vou... ! Prégoche que cese
o teu galanteo e me deixes coa miña dor...

ROMEO.- Pola miña alma...

XULIETA.- ¡Mil veces boas noites!

Sae Xulieta.

ROMEO.- Mil veces malas, faltando a túa luz.
O amor corre ao amor como os nenos foxen dos libros
e retírase tan triste como cando estes van á escola.

Volve entrar Xulieta, arriba.

XULIETA.- ¡Ei, Romeo, Romeo!
A escravitude é ronca e non pode berrar;
se non... ¡Romeo! ¿Que dis? ¿que facemos?

ROMEO.- É a miña alma que me chama polo nome... ¿Terías permiso
para ir confesar mañá?

XULIETA.- Podo ter.

ROMEO.- Daquela, mañá, corre onde frei Lourenzo: que alí terás un
marido para facerte esposa.

XULIETA.- Alí estarei... Falta tanto... (*Amaga marchar, pero volve e chama.*)
¡Romeo!... ¿Sabes? Esquecín para qué te chamaba.

ROMEO.- Déixame estar aquí ata que o lembres.

XULIETA.- Esquecereino para que te quedas
e lembrarei canto amo a túa compañía.

ROMEO.- Quedareime para que o esquezas
e esquecerei calquera outro fogar.

AMA.- (*Dentro.*) ¡Xulieta!

XULIETA.- Está a romper o día...
Boas noites. A despedida é dor tan doce
que estarei dicindo "boas noites" ata o abrente.

Sae.

ROMEO.- Oxalá fose eu sono e paz para tan doce repouso.
Irei onde frei Lourenzo
a pedirlle axuda e contarlle a miña sorte.

Sae.

ESCENA TERCEIRA.

Entra frei Lourenzo cunha cesta acompañado de frei Xoán.

FREI LOURENZO.- A alba de ollos grises sorrí á torva noite...
Antes de que o sol abra o seu ollo de fogo para alegrar o día
e secar o orballo da noite, teño que encher este queipo
de herbas daniñas e flores de preciado néctar...

FREI XOÁN.- Grande e poderoso don teñen as plantas,
herbas e pedras coas súas cualidades.

FREI LOURENZO.- Si, pois nada hai tan vil na terra
que non dea algún beneficio especial;
nin cousa tan boa que, mal usada,
non renegue da súa orixe e faga dano.

FREI XOÁN.- Certo, por eso din que a virtude mal encamiñada vólvese vicio e ás veces o vicio dignifícase pola acción.

Entra Romeo.

FREI LOURENZO.- Mirade frei Xoán, no cálice desta delicada flor residen o veneno e a menciña: se a ulimos, alivia todo o corpo; se a probamos, suspende corazón e sentidos. Dous reis enfrontados acampan nas herbas e no home: virtude e depravación.

ROMEO.- Bo día, padres.

FREI LOURENZO.- ¡Benedicite!
¿Que voz madrugadora nos saúda?
Fillo, a preocupación desvela os ollos dos vellos,
e onde se instala, non habita o sono;
mais onde a mocidade despreocupada e san
relaxa os membros, o dourado sono reina.
De tanto madrugar deduzo
que por algún desacougo te erguiches.

FREI XOÁN.- Frei Lourenzo, máis ben é seguro que Romeo non se deitou esta noite.

ROMEO.- Certo. Foi repouso máis pracenteiro.

FREI LOURENZO.- ¡Deus te perdoe! Frei Xoán, déixenos sós, quere.
(*Frei Xoán Sae.*) ¿Estiveches con Rosalina?

ROMEO.- ¿Con Rosalina, reverendo padre? Non.
Esquecidos están ese nome e esa dor.

FREI LOURENZO.- Ben feito, fillo. Mais, ¿onde andaches?

ROMEO.- Direillo: fun á festa do meu inimigo e, de súpeto, alguén me feriu e a alguén ferín eu. A nosa curación depende da súa axuda e sagrado ministerio.

FREI LOURENZO.- Fala claro, fillo, e explícate.
A confesión ambigua, ambigua absolución.

ROMEO.- Falando claro: puxen o meu corazón na fermosa filla do potentado Capuleto.
Súa é a miña alma e miña a súa.
Á completa unión só lle resta o santo matrimonio...
Prégolle que nos case hoxe mesmo.

FREI LOURENZO.- ¡San Francisco bendito! ¡Vaia cambio!
¿Esqueciches xa a Rosalina, a quen tanto amabas?
O amor do mozo está nos ollos, non no corazón.
¡Xesús, María! ¡Cantas bágoas
bañaron a túa faciana por Rosalina!
¡Canta auga salgada malgastada
para sazonar un amor agora insípido!

ROMEO.- Vostede desaprobaba o meu amor por Rosalina.

FREI LOURENZO.- A túa idolatría, meu fillo, non o amor.

ROMEO.- Aconsellábame enterrar o amor.

FREI LOURENZO.- Non meter un na tumba e sacar outro.

ROMEO.- Non me reprenda máis. A que agora quero,
con amor e devoción me corresponde. Non así a outra.

FREI LOURENZO.- Ben sabía ela que o teu amor era pura retórica.
Esta ben, tarabelo, axudareite por unha razón: esta alianza pode ser de
proveito para cambiar en afecto o rancor das vosas familias.

ROMEO.- Ningún sufrimento
poderá contrarrestar a ledicia
que sinto de vela nun breve intre.
Una as nosas mans coas sagradas verbas
e que a morte, devoradora do amor, faga o que queira...

FREI LOURENZO.- O gozo violento ten final cruento
e morre no seu éxtase, como o lume e a pólvora
que, ao bicárense, se extinguen... Quero dicir,
prudencia e a modo; (*F.Lourenzo fai caer a Romeo.*) quen moito corre,
tropeza.

Entra Xulieta apresurada e abraza a Romeo.

Aquí temos a dama. Pés tan lixeiros
non desgastan a dura pedra.

XULIETA.- Boas tardes teña meu padre confesor.

FREI LOURENZO.- Romeo darache as gracias polos dous, miña filla.

ROMEO.- Xulieta, adoce co teu alento
o aire que nos envolve e a música da túa voz
cante a íntima felicidade que ambos
experimentamos neste encontro.

XULIETA.- O sentimento máis rico,
gábase de substancia, non de ornato.
Só os pobres contan os cartos,
mais tanto medrou o meu amor
que non sei sumar a metade da miña fortuna.

FREI LOURENZO.- Veña, vide comigo e abreviemos
pois, coa vosa venia, non vos deixo sós
ata que a santa Igrexa vos una.

Saen.

ACTO III

ESCENA PRIMEIRA.

Entran Mercucio, Benvolio e os criados Abrahan e Baltasar.

BENVOLIO.- Prégiocho, bo Mercucio, retirémonos. É un día abafante.

ABRAHAN.- Si, os Capuletos saíron e se os atopamos teremos pelexa, porque con esta calor ferve o sangue.

MERCUCIO.- Sodes como eses individuos que cando entran na taberna golpean a mesa coa espada e din: "Queira Deus que non te precise", e logo, por efecto do segundo vaso, desenvaiñan contra o taberneiro sen ningunha necesidade.

ABRAHAN.- ¿Eu son deses?

MERCUCIO.- Veña, veña, tedes o xenio tan quente como o que máis; tan presto a sentirvos provocados para ofendervos como a ofendervos por sentirvos provocados.

BENVOLIO.- ¿E que máis?

MERCUCIO.- Se houberse outro coma ti, Benvolio, pronto non quedaría ningún, porque vos matariades... ¿Ti? Ti pelexas con calquera que escache abelás, unicamente porque tes os ollos cor abelá.... ¿Non pelexaches cun home porque tusiú na rúa e espertou o teu can que durmía ao sol?... ¿E aínda queredes darme leccións de mesura?

Entra Tebaldo cos criados Pedro e Gregorio.

BALTASAR.- ¡Velaí veñen os Capuletos!

MERCUCIO.- ¡Tanto me ten!

TEBALDO.- Quedade xunta min, que lles vou falar.
Boas tardes, cabaleiros. Unha palabra con un de vós.

MERCUCIO.- ¿Só unha? Emparelládea: que sexan unha palabra e un golpe.

TEBALDO.- Disposto estou, señor, se me dades motivo.

MERCUCIO.- ¿Non podedes tomar motivo sen que volo dean?

GREGORIO.- Ti es Mercucio, da banda de Romeo.

MERCUCIO.- ¿Da banda? ¿Seica nos tomas por músicos?...

ABRAHAN.- Estamos a falar no medio da rúa.

BENVOLIO.- Si, vaíamos a un lugar afastado e razoemos con calma os vosos agravios. Aquí todos os ollos nos miran.

MERCUCIO.- Os ollos son para mirar: que miren.
Eu non me movo para lle dar gusto a ningún.

Entra Romeo.

TEBALDO.- Quedade en paz, señor; aquí está o meu home.
Romeo, o afecto que che teño só pode expresarse dicindo que es ruín.

ROMEO.- Tebaldo, as razóns que teño para estimarte escusan a aldraxe que acompaña ese saúdo...

TEBALDO.- Rapaz, iso non escusa as ofensas que me fixeches...

ROMEO.- De verdade que non te ofendín e que te estimo máis do que poidas imaxinar mentres non saibas a razón do meu afecto.

MERCUCIO.- ¡Que submisa e deshonrosa rendición!
¡E o *stocatta* vaise victorioso! (*Desenvaiña.*)
Tebaldo, cazarratas, ¿loitamos?

TEBALDO.- ¿Que queres de min?

MERCUCIO.- Rei dos gatos, só quero unha das túas sete vidas. Farei con ela o que me pete e logo, segundo me trates, doulle unha malleira ás outras seis.

TEBALDO.- (*Desenvaiña.*) Aquí me tes.

ROMEO.- Xentil Mercucio, garda ese aceiro.

MERCUCIO.- Veña, señor, a ver esa *passata*.

Loitan.

ROMEO.- ¡Cabaleiros, evitade este escándalo! O Príncipe prohibiu expresamente as liortas nas rúas de Verona.

¡Basta, Tebaldo! ¡Mercucio!

Tebaldo fere a Mercucio por debaixo do brazo de Romeo e foxe cos seus.

MERCUCIO.- ¡Malditas as vosas familias! Estou liquidado.

BENVOLIO.- ¿Estás ferido?

MERCUCIO.- Si, un rabuño, un rabuño. Pero chega ben.

ROMEO.- Ánimo, home. A ferida non pode ser grave.

MERCUCIO.- Non, non é tan fonda como un pozo nin tan ancha como porta dunha igrexa, pero ben chega. Vide buscarme mañá e atoparédesme con cara de funeral. ¡Raios!... ¿Por que díaños te metiches entre nós? Feriume por debaixo do teu brazo.

ROMEO.- Fíxeno coa mellor intención.

MERCUCIO.- Lévame a unha casa, Benvolio, que desmaio, ¡Malditas familias! Convertéronme en comida de vermes. Alcanzoume, e ben...

Morre Mercucio.

BENVOLIO.- ¡Romeo, o valente Mercucio morreu!

ROMEO.- (*Para si, aparte.*) ¡Oh, miña Xulieta, a túa beleza fíxome efeminado e destemperou o aceiro do meu valor!

Entra Tebaldo.

ABRAHAN.- Volve o violento Tebaldo.

ROMEO.- Vivo, triunfante, e Mercucio asasinado. ¡Fóra anxelical bondade e que a cólera infernal me guíe! Tebaldo, devólvoche o "ruín" que me deches; a alma de Mercucio está sobre as nosas cabezas agardando que a túa lle faga compañía.

Ti, eu, ou os dous, iremos con el.

TEBALDO.- ¡Ti, condenado rapaz, que con el andabas, con el irás!

Loitan. Cae Tebaldo. Gregorio sae para traer aos Capuleto.)

ABRAHAN.- Fuxe, Romeo, lisca. Non quedas aí pasmando. Se te collen, o Príncipe condénate a morte. *(Sae para traer aos Montesco.)*

BALTASAR.- Vaite, fuxe.

ROMEO.- Son un xoguete do destino.

BALTASAR.- ¡Non te quedas aí!

Sae Romeo.Dentro voces.

VOZ DENTRO.- ¿Por onde fuxiu o que matou a Tebaldo?, ¿por onde fuxiu o asasino de Mercucio?

Entra o Príncipe.

PRÍNCIPE.- ¿Onde están os que provocaron esta liorta?

BENVOLIO.- Nobre Príncipe, eu podo explicárvolo... Aí, morto por Romeo, xace o home que asasinou ao voso parente Mercucio.

Entran, traídos polos criados, os Montesco e os Capuleto.

SEÑORA CAPULETO.- ¡Tebaldo, meu sobriño! ¡Fillo do meu irmán! ¡Ah, Príncipe! ¡Ah, marido! Derramouse sangue de miña familia. Príncipe, xa que sodes xusto, este sangue demanda sangue dos Montescos. ¡Meu sobriño, meu sobriño!

PRÍNCIPE.- Benvolio, ¿quen comezou esta sanguenta loita?

BENVOLIO.- Tebaldo, aquí morto a mans de Romeo.

Romeo pediulle con amabilidade que reparase na futilidade da contenda e lembroulle o voso desgusto. Pero Tebaldo, xordo á paz,... quíttalle a vida ao bravo Mercucio. Romeo, que só pensa na vinganza, enfróntase e mata a Tebaldo; logo foxe.

SEÑORA CAPULETO.- Este é parente dos Montescos.

O afecto faino falso. Non di a verdade. Máis de vinte loitaron nesta negra pelexa e entre todos só unha vida abateron. Príncipe, pido que fagades xustiza. Romeo matou a Tebaldo. Debe morrer.

PRÍNCIPE.- Matouno Romeo, pero el matou a Mercucio.

¿Quen ha de pagar o prezo do seu nobre sangue?

SEÑORA MONTESCO.- Romeo, non, Príncipe. Era amigo de Mercucio. O seu delicto só anticipa o que debía facer a lei: matar a Tebaldo.

PRÍNCIPE.- Tamén a min me atinxe o voso proceder: o meu sangue corre por mor da vosa fera contenda. Mais imporeivos castigo tan forte que todos lamentaredes a miña perda. Parta Romeo desterrado, e que o faga de contado pois se o atopan será a súa derradeira hora. Levade estes corpos e cumpride a miña vontade. A clemencia mata se perdoa aos que matan.

Saen todos.

ESCENA SEGUNDA.

Entra frei Lourenzo con Romeo.

FREI LOURENZO.- Ven, Romeo, ven aquí. O infortunio namorouse de ti e casaches coa desventura.

Entra Baltasar.

ROMEO.- Baltasar, ¿que novas hai? ¿Cal é a sentencia do Príncipe?

BALTASAR.- Traíoches novas da resolución do Príncipe.

ROMEO.- ¿Menos que condena a morte?

BALTASAR.- Sentencia máis benigna saíu dos seus labios:
non a morte do corpo, senón o seu desterro.

ROMEO.- ¿Desterro? Ten compaixón e di "morte"...

BALTASAR.- Estás desterrado de Verona. Ten paciencia, o mundo é ancho.

ROMEO.- Non hai mundo fóra dos muros de Verona,... Desterro de aquí é desterro do mundo e iso equivale a morte.

FREI LOURENZO.- ¡Oh, ruda ingratidade! O teu delito castígase coa morte, mais o bo Príncipe, poñéndose da túa parte, rexeitou a lei e cambiou en desterro a negra palabra. Isto é clemencia, e ti non o ves.

ROMEO.- É tormento, e non clemencia. O ceo está onde estea Xulieta e calquera gato, can, diminuto rato e insignificante becho aquí está no ceo e pode vela. Pero Romeo, non...; está desterrado... Oh, frade, os condenados do inferno berran esa palabra.

FREI LOURENZO.- Tolo, escóitame un momento.

ROMEO.- ¿Vaime falar outra vez de desterro? Se non pode crear unha Xulieta, trasladar unha cidade ou revogar unha sentencia, non vale, non serve. Non diga máis nada.

FREI LOURENZO.- Polo visto os tolos están xordos.

ROMEO.- ¿E non han estar, se os cordos están cegos?

BALTASAR.- Deixa que o frade che fale e che axude na túa situación.

ROMEO.- Non pode falar do que non sente. Se tivese os meus anos e o amor de Xulieta, se levase unha hora casado e matase a Tebaldo, se estivese namorado e desterrado coma min...

Petan na porta.

FREI LOURENZO.- ¡Petan na porta! ¡Agóchate, Romeo!

ROMEO.- Non, a non ser que o alento dos meus xemidos me oculte

Petan.

FREI LOURENZO.- ¡Escoita como chaman!-- ¿Quen é?-- Érguete, Romeo, ou préndente.-- ¡Un momento!-- ¡Érguete! *(Petan.)*

Corre ao meu estudio. --¡Xa vou! Por Deus, ¿que parvada é esta? --¡Xa vou, xa vou! *(Petan.)*

¿Quen peta tan forre? ¿Quen sodes, que queredes?

AMA.- (*Fóra.*) Deixádeme entrar, que teño un recado.
Veño de parte de Xulieta.

FREI LORENZO.- Benvida, entón.

Entra a Ama.

AMA.- Oh, santo frade, dicídeme onde está
o esposo da miña señora. ¿Onde está Romeo?

ROMEO.- ¡Ama! (*Érguese.*)

¿Falabas de Xulieta? ¿Como está?

¿Non pensa que son un asasino
que lixou a nosa felicidade?

¿Onde está? ¿Que di a miña secreta esposa?

AMA.- Non di nada, señor; chora e chora;
cae na cama e logo érguese,
chama por Tebaldo, despois berra por Romeo
e volve caer.

ROMEO.- “Romeo”, é como se ese nome, disparado
por unha arma mortal, a matase
igual que a man infame dese nome matou
o seu primo Tebaldo. Dígame, frade,
¿debo baleirar da odiosa mansión en que se aloxa o meu nome?
Dígamo para...

FREI LORENZO.- ... Abráiasme. Pola miña santa orde
que te crin de condición máis temperada.

¿Queres matarte e matar a túa esposa, que en ti vive?...

¡Que vergonza! ...

¡Tes sorte, Romeo! Tebaldo quería matarte,
mais matáchelo ti. Iso é sorte.

A lei que ameaza morte faise amiga
e decide o desterro. Iso é sorte...

A felicidade te cortexa coas súas mellores galas.

Pero ti, como moza túzara e desaborida,
quéixaste do teu amor e da túa fortuna...

Vai onde a túa amada..., sube ao seu cuarto e consólaa.

Pero márchate antes de que se monte a garda,
pois, se non, non poderás pasar a Mantua,
onde vivirás ata o momento axeitado
para revelar a voda, reconciliar as vosas familias,
obter o perdón do Príncipe e regresar...

Vai diante, ama; encoméndame a Xulieta;

que faga que todos se deiten cedo,
ao que estarán predispostos pola dor.

Agora mesmo vai Romeo.

AMA.- ¡Deus santo! Podería estar toda a noite
oíndo eses consellos. ¡Canta sabedoría!
Señor, direille a Xulieta que xa ides.

A Ama inicia a saída pero volve.

Tomade este anel que me deu para vós.
Veña, bulide, que é tarde.

ROMEO.- Isto fai revivir o meu ánimo.

Sae a Ama.

FREI LOURENZO.- Vaite xa; boas noites, e mira o que te xogas: ou marchas antes de que se monte a garda, ou saes disfrazado ao romper o día. Quédate en Mantua. O teu criado, de cando en vez, che levará todas as boas novas de Verona. Faise tarde. Adeus.

ROMEO.- Se a meirande felicidade non me agardase, sentiría separarme de vostede con tanta présa. Adeus.

Saen.

ESCENA CUARTA.

Entran Capuleto, a señora Capuleto e Paris.

CAPULETO.- Os acontecementos foron tan desgraciados que non tivemos tempo de falalo coa nosa filla.

SEÑORA CAPULETO.- Quería moito ao seu primo Tebaldo, e eu tamén. En fin, nacemos para morrer.

CAPULETO.- Xa é moi tarde e ela non baixará esta noite. Asegúrovos que se non fose por vós, hai unha hora que estaría deitado.

PARIS.- Os momentos de dor non se prestan ao galanteo. Señora, boas noites. Encomendádeme á vosa filla.

SEÑORA CAPULETO.- Así o farei e mañá cedo saberei o que pensa. Esta noite está pechada na súa tristura.

Paris dispónse a saír, pero Capuleto chama por el.

CAPULETO.- Conde París, atévome a asegurarvos o amor da miña filla. Creo que se deixará guiar enteiramente por min; e digo máis: estou seguro. Esposa, vaina ver antes de te deitar e fálalle do amor do noso xenro Paris e dille, fíxate ben, que o mércores...
Un momento, ¿que día é hoxe?

PARIS.- Luns, señor.

CAPULETO.- ¡Luns! ¡Vaia, vaia! Entón o mércores é moi cedo. Deixémolo para o xoves. Dille que o xoves casará con este nobre conde. ¿Prácevos esta celeridade? ¿Estaredes preparado? Non haberá moita celebración: invitaremos a media ducia de amigos e máis nada. Comprendédeo: estando tan recente a morte de Tebaldo...
¿Que me dices do xoves?

PARIS.- Señor, quixera que mañá fose xoves.

CAPULETO.- Moi ben. Agora ídevos. O xoves, entón. (*Á Señora Capuleto.*) Ti vai ver a Xulieta antes de te deitar e prepáraa para o día da súa voda. Adeus, señor.

Abofé que xa se fixo tan tarde
que case se pode dicir que é cedo. Boas noites.

Saen.

ESCENA QUINTA.

Romeo e Xulieta, arriba.

XULIETA.- ¿Xa te tes que ir? Aínda non rompeu o día. Foi o reiseñor, non a laverca... Canta pola noite naquel granado.
De verdade, amor meu, foi o reiseñor.

ROMEO.- Foi a laverca, mensaxeira do abrente, non o reiseñor. Mira, amor,... extinguíronse os luceiros da noite e alborexa o alegre día. Debo irme e vivir, ou quedarme e morrer.

XULIETA.- Esa luz non é o abrente, seino ben; quédate un pouco máis. Non hai présa.

ROMEO.- Que me prendan, que me dean morte... Prefiro máis quedarme que marchar e disposto estou, se iso é o que queres... ¿Que, meu amor? Falemos, aínda non é día.

XULIETA.- Si, non. ¡Vaite, corre, fuxe de aquí!... Din que a laverca canta con doce harmonía. Non é certo, posto que nos separa... Oh, vaite xa, que medra a claridade.

ROMEO.- Medra a claridade e escurécese a nosa desventura.

Entra a Ama apresuradamente.

AMA.- ¡Xulieta!

XULIETA.- ¡Ama!

AMA.- A túa nai vén ao teu cuarto. Xa rompeu o día. Ten coidado. Atenta.

Sae.

XULIETA.- Por esta fiestra entra o día e sae a vida.

ROMEO.- ¡Adeus! ¡Adeus! Un bico, e baixo.

Baixa.

XULIETA.- ¿Xa te fuches, amor, esposo, amigo? Teño que saber de ti cada hora, pois cada minuto semella moitos días.

ROMEO.- (*Desde abaixo.*) Adeus. Non deixarei pasar oportunidade de che enviar recordos, amor meu.

XULIETA.- ¿Cres que nos volveremos ver?

ROMEO.- Sen dúbida, e estes sufrimentos serán tema de ledas conversas dentro dun tempo. Adeus. Adeus.

Sae Romeo.

Entra a señora Capuleto.

SEÑORA CAPULETO.- Ola, filla, ¿estás levantada?

XULIETA.- ¿Quen chama? É miña nai. ¿Que estraña causa a trae aquí?

Vaise do balcón e entra embaixo.

SEÑORA CAPULETO.- ¿Que pasa, Xulieta?

XULIETA.- Non estou ben, señora.

SEÑORA CAPULETO.- ¿Segues a chorar a morte de teu primo?

Aínda que puideses, non poderías devolverlle a vida.

Así que, basta xa. A dor comedida denota afecto,
mais en exceso indica falta de siso.

XULIETA.- Deixádeme que chore tan triste perda.

SEÑORA CAPULETO.- Si, miña filla, mais non choras tanto a súa morte
como que estea vivo o que o matou.

XULIETA.- ¿Quen, señora?

SEÑORA CAPULETO.- Romeo.

XULIETA.- Que Deus o perdoe, como fago eu de corazón.

Aínda que ninguén me aflixe tanto coma el.

SEÑORA CAPULETO.- Iso é porque o traidor asasino vive.

XULIETA.- Si, fóra do alcance das miñas mans.

Oxalá só eu puidese vingar a morte de meu primo.

SEÑORA CAPULETO.- Vingarémonos, non o dubides.

Non chores máis. Mandarei alguén a Mantua, onde vive ese fuxitivo
desterrado, para que lle dea unha estraña beberaxe
e axiña lle faga compañía a Tebaldo.

Espero que así quedarás satisfeita.

XULIETA.- Nunca quedarei satisfeita

con Romeo ata que o vexa... morto... está o meu corazón
por un ser querido.

Señora, se atopades quen o leve, eu prepararei o veneno

para que Romeo, cando o tome, durma en paz.

Cómo aborrece o meu corazón oír o seu nome

e non estar preto del para vingar a Tebaldo

sobre o corpo que o asasinou.

SEÑORA CAPULETO.- Ti busca medios, que eu atoparei o home.

Pero agora dareiche alegres novas.

XULIETA.- As alegrías veñen ben cando escasean.

¿Que novas son esas, señora?

SEÑORA CAPULETO.- Ai, filla, tes un pai dilixente

que, para afastarte do sufrimento, dispuxo

un súpeto día de ledicia que ti

non esperabas nin eu imaxinaba.

XULIETA.- ¡Que ben! ¡De que se trata?

SEÑORA CAPULETO.- Miña filla, o próximo xoves, de mañanciña, un garrido mozo e nobre cabaleiro, o conde Paris, na igrexa de San Pedro, converterate nunha esposa feliz.

XULIETA.- ¡Pola igrexa de San Pedro e por San Pedro que non fará de min unha esposa feliz! Abráíame esta présa por me casar sen que o noivo me cortexe. Señora, prégovos que lle digades a meu pai que aínda non caso e que, cando o faga, ha ser con Romeo, a quen sabes que odio, antes que con París. ¡Vaia coas novas!

SEÑORA CAPULETO.- Velaí vén teu pai. Dillo ti mesma e a ver cómo lle senta.

Entran Capuleto e a Ama.

CAPULETO.- ¿Que, muller, xa lle dixeches o noso acordo?

SEÑORA CAPULETO.- Si, mais non quere. Oxalá esta parva case coa súa tumba.

CAPULETO.- Alto aí. A ver se o entendo; a ver se o entendo, muller. ¿Dis que non quere? ¿Non está orgullosa? ¿Non nolo agradece? ¿Non se considera feliz de que lle consigamos para esposo un cabaleiro de tanto mérito?

XULIETA.- Orgullosa, non; mais si agradecida. Non podo estar orgullosa do que odio, pero agradezo o que se dá con amor.

CAPULETO.- ¡Vaia! ¿Con sofismas andamos? ¿Que é iso de "orgullosa", "agradezo" e "non agradezo" e "orgullosa, non", señorita malcriada? Déixate de agradecementos e orgullos e dispón esas finas pernas para ir o xoves con Paris á igrexa ou lévote a rastro atada nun caíno. ¡Desvergoñada!

SEÑORA CAPULETO.- ¡Cala, cala! ¿Seica estás tolo?

XULIETA.- Querido pai, prégovolo de xeonllos: escoitádeme con calma un momento.

CAPULETO.- ¡Que te aforquen, desvergoñada e desobediente! Escóitame ben: ou vas á igrexa o xoves ou non volvas mirarme á cara. Cala, non repliques, non me contestes. Esposa, considerabámonos afortunados porque Deus nos deu unha única filla, pero agora vexo que tela foi unha maldición.

AMA.- ¡Deus a bendiga! Señor, non está ben que a tratades así.

CAPULETO.- ¿E por que, señora sabichona? ¡A calar!

AMA.- Non dixen nada malo.

CAPULETO.- ¡Arreando!

AMA.- ¿Non pode unha nin falar?

CAPULETO.- ¡Cala xa, lercha! Bótalle as túas prédicas ás comadres,

que aquí non as precisamos.

SEÑORA CAPULETO.- Estás moi axitado.

CAPULETO.- ¡Hostias, é que toleo! Día e noite, traballando ou folgando, só ou acompañado, toda a miña preocupación era casala; e agora que lle atopo un cabaleiro nobre, novo, con patrimonio, de boa liñaxe, cheo, segundo din, de boas cualidades, tan apostado como se pode imaxinar nun home, vén esta miserable e parva mexeriqueiras, esta boneca choromica no cumio da súa sorte, e contesta "Non caso, non quero, son moi nova, prégovos que me perdoedes". Pois non cases e verás o meu perdón: vai pacer onde queiras, mais non na miña casa. Pénsao ben, sabes que falo en serio. Queda pouco para o xoves. Pénsao, medítao: se es a miña filla, cásoate co meu amigo; se non, afórcate, vai mendigar, pasa fame ou morre na rúa, pois xuro que xamais te recoñecerei nin gozarás do meu. Podes estar segura. Pénsao. Non me retractarei.

Sae.

XULIETA.- ¿Non hai piedade nos ceos?
¡Querida nai, non me rexeitedes,
aprazade esta voda un mes ou unha semana...!

SEÑORA CAPULETO.- Non me fales,
que non direi unha palabra.

Sae.

XULIETA.- ¡Ai, Deus! Ama, ¿como se pode evitar isto?
Aléntame, aconséllame. ¿Que dis ti? ¿Non tes unha palabra alegre?

AMA.- Ben, pois aí vai:
Romeo está desterrado e, o mundo contra nada
a que non se atreve a volver e reclamarte ou,
se vén, ha ser ás agachadas.
Daquela, tal e como están as cousas,
penso que o mellor é que cases co conde.
É un cabaleiro garrido.
Romeo, ao seu lado, é un farrapo de gaita...
Romeo está morto, ou como se o estivese,
vivindo ti aquí e sen gozalo.

XULIETA.- ¿Falas co corazón?

AMA.- E coa alma tamén, ou que se perdan un e outra.

XULIETA.- Amén.

AMA.- ¿Que?

XULIETA.- Ben, foi un gran consolo o que me deches. Vai dicirlle a miña nai que, xa que contrariei a meu pai, vou confesar e pedir a absolución onde frei Lorenzo.

AMA.- Vai, vai. Iso é moi razoable.

Sae.

XULIETA.- ¡Condenada vella! ¿É maior pecado
incitarme a ser perxura
ou aldraxar o meu dono coa mesma lingua
que tantas veces o louvou sen comparanza?
¡Lonxe de min, conselleira!
Desde agora ti e o meu corazón seguiredes camiños distintos.
Irei pedir consello ao frade.
Se todo falla, teño forzas para me matar.

Sae.

ACTO IV.

ESCENA PRIMEIRA

Entran frei Lourenzo e Paris.

FREI LOURENZO.- ¿O xoves, señor? Case non hai tempo.

PARIS.- Así o quere o meu sogro Capuleto.

FREI LOURENZO.- ¿E deciadés que non coñecedes a vontade da noiva? O procedemento non é cabal, non me gusta.

PARIS.- Chora desconsolada a morte de Tebaldo..., e Venus non sorri na mansión das bágoas. Señor, seu pai considera perigoso que se deixe vencer pola dor e sabiamente apura o casamento... Esa é a razón desta présa.

FREI LOURENZO.- (*Aparte.*) Oxalá non soubese por que hai que freala.
(*A Paris*) Mirade, señor, velaí vén a dama cara á miña cela.

Entra Xulieta.

PARIS.- Benvida, miña dama e esposa.

XULIETA.- Señor, iso será cando poida ser esposa.

PARIS.- Ese “poida ser” ha ser o xoves, meu amor.

XULIETA.- O que ha ser, será.

FREI LOURENZO.- Ben certo.

PARIS.- ¿Vindes confesar co reverendo frade?

XULIETA.- Se vos contestase, confesaríame con vós.

PARIS.- Non o neguedes, confesarédeslle, seguro, que me amades.

XULIETA.- Se o fago, terá máis valor dito na vosa ausencia que na vosa presenza.

PARIS.- Pobre, as bágoas estragan a vosa cara.

XULIETA.- Ben cativa é a victoria das bágoas, pois xa estaba murcha antes de que a estragasen.

PARIS.- Agraviádela máis con ese comentario que coas bágoas.

XULIETA.- O que é verdade non é calumnia, señor, e o que digo, dígoo da miña cara.

PARIS.- Esa cara é miña e vós calumniádela.

XULIETA.- Pode ser, porque miña xa non é.

Padre, ¿está desocupado agora ou volvo despois dos oficios?

FREI LOURENZO.- Agora dispoño de tempo. Señor, prégovos que nos deixedes sós.

PARIS.- Deus me libre de estorbar a devoción. Xulieta, o xoves irei espertarvos moi cedo. Ata entón, adeus, e aceptade este bico.

Sae.

XULIETA.- ¡Ai, peche a porta e veña chorar comigo!
¡Xa non hai esperanza nin remedio!

FREI LOURENZO.- Ah, Xulieta, comprendo ben a túa dor... Xa sei que o xoves tes que casar co conde e que non hai xeito de pospoñelo.

XULIETA.- Non me diga o que sabe, padre,
se non me di cómo impedilo.
Se coa súa sabedoría non me pode axudar, este coitelo será o árbitro entre o meu sufrimento e máis eu...

FREI LOURENZO.- ¡Detente, filla! Vexo unha pequena esperanza que esixe unha execución tan perigosa como o que queremos impedir.
Se por non casar con Paris, tés
a forza de vontade para matarte,
entón quizais aceptes
unha especie de morte para eludir a vergonza...
Se te arriscas, eu teño o remedio.

XULIETA.- Antes que casar con Paris, mándeme
que camiñe por sendas infestadas de ladróns
ou encadéeme con feras;
ou dígame que me oculte cun morto
dentro da súa mortalla... cousas que
só de oílas me fan tremer...
mais fareinas sen dúbidas nin medo
para ser a fiel ao meu amado.

FREI LOURENZO.- Moi ben, entón. Vaite á casa, (*Xulieta inicia a escena que frei Lourenzo, desde ese momento "contará", só, ao público.*) móstrate leda e di que casas con Paris...

Entran Capuleto, Ama e Gregorio.

AMA.- (*Repara en Xulieta, que chega a casa tras falar co frade.*) Mirade, vén moi leda.

CAPULETO.- Ola, miña testuda, ¿Onde andaches metida?

XULIETA.- Onde aprendín a arrepentirme
do pecado de desobediencia a vós.
Ordéname frei Lourenzo que me axeonlle
e vos pida perdón. Desde agora sempre vos obedecerei.

CAPULETO.- (*A Gregorio.*) Ide buscar ao conde e contádello.
Mañá cedo amarro este nó. (*Gregorio sae.*)

XULIETA.- Atopei o conde na cela de frei Lourenzo e ofrecinlle axeitadas mostras de amor sen traspasar os límites da honestidade.

CAPULETO.- ¡Alégrome moito! ¡Moi ben! Érguete.
Así é como debe ser. ¡Por Deus que a nosa cidade
está en débeda con ese frade!

Sae Capuleto.

XULIETA.- Ama, ven comigo ao meu cuarto.

Xulieta retírase coa Ama, falan da roupa.

FREI LOURENZO.- Mañá é mércores; pola noite procura durmir soa, así que non deixes que a ama durma no teu cuarto...

Entra a señora Capuleto.

SEÑORA CAPULETO.- ¿Estades ocupadas? ¿Precisades da miña axuda?

XULIETA.- Non, señora. Xa escollemos o necesario e axeitado para a cerimonia. Prégovos que me deixedes soa; que a ama quede con vós esta noite, pois estou segura que estaredes moi atarefada con este súpeto asunto.

FREI LOURENZO.- Leva este frasco (*mostra un frasco*)

e cando esteas deitada

bebe por completo este xarope destilado.

De súpeto percorrerá todas as túas veas

un fluído frío e letárxico; o pulso

perderá o seu ritmo natural e cesará;

nin alento nin calor probarán que vives...

SEÑORA CAPULETO.- Boas noite. Déitate e descansa, que ben o necesitas.

Saen a señora Capuleto e a Ama.

XULIETA.- ¡Adeus! ¡Quen sabe cando nos volveremos ver!... (*Saca o frasco.*)

¿E se a mestura non fai efecto?

¿Terei que casar mañá pola mañá?

Non, non. (*Colle unha daga*) Isto o impedirá. Quédate aquí.

Deixa ao seu lado a daga.

¿E se fose un veneno que o frade

arteiramente preparou para matarme,

temendo que a miña voda o deshonre

por casarme antes con Romeo?

Non,... sempre demostrou ser un home santo....

¿E se, cando estea na tumba, esperto

antes de que Romeo veña salvarme?

¡Arrepiante!... ¿non podo perder a razón,

e poñerme a xogar como unha tola

cos esqueletos dos antepasados?

¡Ah, paréceme ver o espectro do meu primo

buscando a Romeo! ¡Alto, Tebaldo, detente!...

¡Romeo, Romeo! Aquí está o xarope. ¡Bebo por ti!

Cae na cama.

FREI LOURENZO.- O rosa dos teus beizos e meixelas

converterase en pálida cinza; os teus membros,
privados de movemento, estarán ríxidos e fríos,
e nesta morte aparente continuarás
durante corenta e dúas horas para logo espertar
como dun apracible sono.

Cando pola mañá chegue o noivo para te erguer do leito, estarás morta.

Entra Capuleto.

CAPULETO.- Bulide, bulide. Dúas veces cantou o galo e
xa tocaron as campás... ¡Ai, ho, xa é día!

Axiña chegará o conde.

...Escóitase música. Aí o está. ¡Ama! ¡Esposa! ¡Ei, ama, ei!

Entra a Ama.

Vai espertar e aviar a Xulieta.

Á présa que o noivo xa está aquí.

Sae Capuleto.

AMA.- ¡Ei, Xulieta! ¡Durmiñona!

¡Xulieta! ¡Miña nena! ¡Noiva!

¡Nin palabra! Aprovéitate agora.

Durme para unha semana, porque esta noite
o conde Paris non se dará descanso

para que non descanses. ¡Deus me perdoe!

¡Vaia sono máis pesado! Teño que espertala. ¡Xulieta!

¿Como? ¿Vestícheste e volvícheste deitar?

Teño que espertarte, ¡Xulieta! ¡Xulieta!

¡Ai, ai! ¡Socorro! ¡Socorro! ¡Está morta!

¡Maldito o día que nacín!

¡Ei, señor, señora!

Sae na procura dos Capuleto.

FREI LOURENZO.- Entón, segundo o costume do noso país,
coas mellores galas, levarante á vella cripta
onde repousa toda a familia dos Capuletos.

Mentres, antes de espertares, comunicarei por carta a Romeo o noso plan
e volverá aquí e os dous velaremos o teu espertar,
e esa mesma noite Romeo levarate a Mantua.

ACTO V

ESCENA PRIMEIRA.

Entra Romeo.

ROMEO.- Hoxe unha forza inusual
elévame da terra con xubilosos pensamentos.
Soñei que Xulieta me atopaba morto
(estraño soño, que permite a un morto pensar)
e tanta vida infundían os seus bicos nos meus beizos
que resucitaba feito un emperador...

Entra Baltasar.

¿Que hai, Baltasar? ¿Non traes cartas do frade?
¿Como está a miña dama? ¿Como está Xulieta?,
nada pode ir mal se ela está ben.

BALTASAR.- Entón ela está ben e nada vai mal.
O seu corpo repousa no mausoleo dos Capuletos;
e a súa alma inmortal vive cos anxos.
Vin como a enterraban no panteón familiar
e de contado emprendín viaxe para contárvolo.
Perdoádeme, só cumpo co encargo que me destes.

ROMEO.- ¿É certo iso? ¿Entón desafíovos, estrelas!
Tráeme papel e tinta e aluga cabalos. Saímos esta noite.

BALTASAR.- Señor, prégovos que acouguedes.
Estades pálido e axitado...

ROMEO.- Cala, engánaste...
¿Non tes ningunha carta do frade para min?

BALTASAR.- Ningunha, señor.

ROMEO.- Non importa. Déixame e fai o que che dixen.

Sae Baltasar

Ben, Xulieta, durmirei contigo esta noite.
Busquemos os medios...
Lembro un pobre boticario que mora preto de aquí.
Polo que recordo, esta debe ser a casa. ¡Eh, boticario!

Entra o Boticario.

BOTICARIO.- ¿Quen berra?

ROMEO.- Ven aquí, home. Aquí tes
corenta ducados e dáme
unha dose de veneno, algo de rápido efecto
que cando se estenda polas veas
o cansado da vida que o beba caia morto.

BOTICARIO.- Desas drogas letais teño, pero a lei de Mantua
castiga coa morte a quen as expenda.

ROMEO.- Levas a fame na cara
e a miseria cúrvache o lombo.
O mundo non é amigo teu, nin a lei.
Non sexas pobre, infrinxe a lei e colle as moedas.

BOTICARIO.- Consente a miña pobreza, mais non a miña vontade.

ROMEO.- Merco a túa pobreza e non a túa vontade.

BOTICARIO.- Poñede isto nun líquido calquera
e bebédeo e, aínda que teñades a forza
de vinte homes, morreredes de contado.

ROMEO.- Aquí tes o ouro, peor veneno para a alma.
Adeus. Compra comida e engorda.

Sae o Boticario.

Ven, amigo, que non veneno; ven comigo
á tumba de Xulieta, que alí te beberei.

Sae Romeo.

ESCENA SEGUNDA.

Entra frei Xoán.

FREI XOÁN.- ¡Santo frade franciscano! ¡Ei, irmán!

Entra frei Lourenzo.

FREI LOURENZO.- Esa debe ser a voz de frei Xoán.
Benvido de Mantua. ¡Que di Romeo?

FREI XOÁN.- Fun buscar un irmán
da nosa orde para que me acompañase.
Atopeino na cidade, visitando enfermos.
Os celadores de sanidade, sospeitando
que viviamos nunha casa contaxiada da peste,
selaron as portas e non nos deixaron saír
e frustrouse así a miña viaxe a Mantua.

FREI LOURENZO.- ¿Entón quen lle levou a carta a Romeo?

FREI XOÁN.- Non a puiden enviar. Aquí a tes.
Tampouco atopei un mensaxeiro que cha trouxese.
Tiñan medo ao contaxio.

FREI LOURENZO.- ¡Sorte fatal! Non era unha carta trivial, senón asunto
grave de moita importancia e non entregala pode facer gran dano. Frei
Xoán, vai buscar unha lámpada e tráema á miña cela.

FREI XOÁN.- Agora mesmo cha traio, irmán.

Sae.

FREI LOURENZO.- Teño que ir só ao panteón.
Pronto despertará Xulieta. Vaime botar a culpa de que Romeo non saiba
nada destes acontecementos. Volverei escribir a Mantua e a ela
ocultareina na miña cela ata que chegue Romeo.
¡Pobre cadáver vivo, pechado na cova dun morto!

Sae.

ESCENA TERCEIRA

Entra Paris con flores e auga perfumada.

Paris espalla flores sobre a tumba.

PARIS.- Miña flor, flores ao teu leito nupcial.
Regareinas todas as noites con auga perfumada
ou con bágoas destiladas pola pena.
Vén alguén. ¿Que pés malditos veñen no medio da noite
conturbar as miñas ofrendas e ritos de amor?
Ocúltame, noite.

Retírase.

Entran Romeo e Baltasar.

ROMEO.- Toma, colle esta carta.
Mira de entregala mañá cedo a meu pai e señor.
Pola túa vida, advírtocho:
oias ou vexas o que fose, non te achegues
nin interrompas a miña acción... Vaite xa.

BALTASAR.- Voume, señor, e non vos estorbarei.

ROMEO.- Así me demostras a túa amizade. Colle isto.
Vive e prospera.

Retírase.

Romeo vai á tumba. Paris adiántase e móstrase.

PARIS.- ¿Buscas vinganza alén da morte?
Ti es o altivo Montesco desterrado
que matou ao primo da miña amada,
e din que por esa dor morreu a pobre Xulieta.
E agora vés cometer algunha vergoñosa vileza
cos cadáveres.

¡Detén a túa sacrílega acción, ruín Montesco!

¡Maldito infame, estás preso!

ROMEO.- Bo e xentil doncel, non retes a un desesperado.

Vaite e déixame. Pensa nestes mortos:

que eles te infundan temor. Vaite.

Polos ceos que aprecio máis a túa vida cá miña,
pois veño armado contra min mesmo.

PARIS.- Rexeito as túas admonicións.

Avisarei ao Príncipe para que te prendan por traidor.

Sae.

ROMEO.- Oh, miña amada, miña esposa,
a morte non puido coa túa fermosura. Non te venceu...
¿Debo crer que a incorpórea morte se namorou,
e que te garda nas tebras para que sexas a súa amante?
Temo que se é por iso quedarei contigo.
Aquí, aquí ficarei.
Aquí fixarei o meu repouso eterno.
¡Ollos, a derradeira ollada!

¡Brazos, a derradeira aberta!
Ven, amargo conductor, desaborido guía.
Brindo pola miña amada. (*Bebe*)
Labios, portas do alento, selade con lexítimo bico
un pacto eterno coa cobizosa morte.
¡Ah, honrado boticario, as túas drogas son rápidas!

Cae.

Entra Frei Lourenzo.

FREI LOURENZO.- ¡Romeo! ¡Romeo! ¡Que pálido!
¿Que hora aciaga é culpable deste triste feito?
A dama rebole.

Xulieta esperta.

XULIETA.- Oh, frade reconfortador, ¿onde está o meu esposo? Lembro moi ben onde debía estar eu, e aquí estou. ¿Onde está Romeo?

FREI LOURENZO.- Xulieta, deixa este niño de morte...
Un poder superior frustrou os nosos plans.
Veña, vamos querida Xulieta, non me atrevo a seguir aquí.

Sae.

XULIETA.- Váiase, que eu non me vou.
¿Que é isto? ¿Un frasco apreixado na man
do meu amor? O veneno foi a súa fin prematura.
Oh, ¿bebíchelo sen deixar unha gota que me axude a seguirte? Bicarei os
teus beizos. Quizais aínda quede neles veneno para morrer con este
bálsamo.
Os teus labios están quentes.

GARDA PRIMEIRO.- (*Dentro.*) Lévenos, señor, ¿por onde?

XULIETA.- ¿Que? ¿Quen vén? Abreviemos. Bendita daga, eu son a túa
vaíña.

Crávase a daga e cae.

Entra Paris co Príncipe; logo os Capuleto e os Montesco.

PRÍNCIPE.- ¿Onde están os inimigos? Capuleto e Montesco,
mirade o castigo do voso odio:
o ceo mata as vosas alegrías co amor.

Unha paz sombría nos trae o abrente:
o sol doído non asomará o rostro.
Imos e falemos das nosas desgrazas.
Uns recibirán perdón e outros castigo,
pois nunca houbo sorte máis adversa
que a que viviron Romeo e Xulieta.

Pano, e final de *ROMEO e XULIETA*.